

**A C T A 12/2018**

**SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL**

**- 12 DE DECEMBRO DE 2018 -**

Na Casa do Concello, a doce de decembro de dous mil dezaioito, reúnen-se en primeira convocatoria os/as señores/as concelleiros/as que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión extraordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocados/as.

**ASISTENTES:**

**Alcalde:**

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

**Concelleiros/as:**

D. Xosé Ignacio Iglesias Villar  
D.<sup>a</sup> Concepción García Vázquez  
D. Xurxo Francos Liñares  
D. Jorge Juan Carballido Salgado  
D.<sup>a</sup> María del Pilar Pérez Fagil  
D. José Francisco Nanín Castro  
D. José Manuel Guerra Calvelo  
D. Antonio Reyes Sánchez Crespo  
D.<sup>a</sup> Sofía Ferreiro Gaspar  
D. Julio César Retis Vázquez  
D.<sup>a</sup> María Vázquez Rey  
D. Ignacio Manuel Arroyo Font  
D.<sup>a</sup> María Dolores Nariño Facal  
D.<sup>a</sup> Uxía Lemus de la Iglesia  
D. Roberto Moñino Gil  
D. Manuel Anxo Fernández Baz

**Secretaría xeral:**

D.<sup>a</sup> Virginia Fraga Díaz

**Interventora:**

D.<sup>a</sup> Mónica I. Lado Varela

**ORDE DO DÍA:**

**1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019**

**2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN CO ARZEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as vinte horas, declara público e aberto o acto, pasando a tratar os asuntos incluídos na orde do día que figura na convocatoria, que son os seguintes:

**1.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO MUNICIPAL PARA O EXERCICIO 2019.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 30 de novembro de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 5 de decembro de 2018.

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

Téndose confeccionado por esta Alcaldía o Orzamento Municipal do Concello de Teo para o exercicio 2019, e, considerando que na súa tramitación se cumpriron os requisitos sinala a lexislacion vixente e que contén os documentos que preceptúan os artigos 165 e 168 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, e os artigos 8, 9 e 18 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, que desenvolve o capítulo I do título VI da Lei 39/1988, en materia de orzamentos, propoño ao Pleno da Corporacion, previo dictamen da Comisión Informativa de Facendas e Asuntos Económicos, a adopción do seguinte

**ACORDO:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2019, cun importe total do Estado de Gastos de 16.070.017,28€ e do Estado de Ingresos de 16.070.017,28€, coa estrutura en capítulos que de seguido se relaciona:

**ORZAMENTO MUNICIPAL 2019-RESUMO POR CAPÍTULOS**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL (EUROS)
1	Gastos de persoal	5.163.999,92
2	Gastos correntes en bens e servizos	5.970.129,15
3	Gastos financeiros	7.557,16
4	Transferencias correntes	692.990,00
Suman operacións correntes		<b>11.834.676,23</b>
6	Investimentos reais	3.732.289,15
7	Transferencias de capital	7.000,00
Suman operacións de capital		<b>3.739.289,15</b>
<i>Total operacións non financeiras</i>		<b>15.573.965,38</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	496.051,90
<i>Total operacións financeiras</i>		<b>496.051,90</b>
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>		<b>16.070.017,28</b>

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PREVISIÓN INICIAL (EUROS)
1	Impostos directos	4.295.000,00
2	Impostos indirectos	150.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	3.135.000,00
4	Transferencias correntes	5.818.000,00
5	Ingresos patrimoniais	40.850,00
Suman operacións correntes		<b>13.438.850,00</b>
6	Alleamento de investimentos reais	184.605,00
7	Transferencias de capital	2.131.385,14
Suman operacións de capital		<b>2.315.990,14</b>
<i>Total operacións non financeiras</i>		<b>15.754.840,14</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	315.177,14
<i>Total operacións financeiras</i>		<b>315.177,14</b>
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>		<b>16.070.017,28</b>

**Segundo.-** Aprobar o cadro de persoal e demais anexos do Orzamento para o ano 2019, que constan no expediente.

**Terceiro.-** Expoñer o Orzamento citado ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.

De non presentarse reclamacións en prazo, o orzamento entenderase aprobado definitivamente, e será insertado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia”.

O sr. alcalde comenta que hai tres modificacións técnicas puntuais que foron detectadas con posterioridade. Unha refírese ao anexo de persoal, concretamente á do persoal laboral, e é a denominación da praza do departamento de cultura, que aparece como “animador/a cultural”, denominación que fora obxecto de modificación no seu momento. Explica que se trata dunha praza subvencionada pola Deputación en gran medida e na convocatoria do 2017 solicitouse ao concello que se emendara o nome desa praza, ditándose unha Resolución da alcaldía, do 3 de marzo do 2017, da que se dou conta ao Pleno, cambiándose o nome ao de “técnico/a de xestión cultural”, tal e como solicitou a Deputación.

Sinala o sr. alcalde que en segundo lugar no informe económico financeiro, no último renglón da páxina 2 se fala da LOXE do 2016, cando debería poñer LOXE 2018.

En terceiro lugar na memoria da alcaldía, no apartado 5, que está na cuarta páxina, no último parágrafo, hai unha modificación porque non ten moito sentido o que di, e debe dicir “*As retribucións contemplan, agrupadas nunha partida, o incremento salarial dos empregados públicos pactado...*”, é dicir que se suprime dende a palabra “que” ata “contempla”, e nese intervalo incorpórase o texto citado.

Salienta o sr. alcalde que esas son tres modificacións de carácter técnico que non varían o contido dos orzamentos. Explica que, tal e como xa comentou na Comisión Informativa, é raro aprobar un orzamento en ano electoral, porén nos últimos anos se produciron cambios, como o do persoal subrogado, o das escolas e os de mantemento eléctrico, que non aparecen, e así hai que adaptar o tema das partidas que estaban asignadas a pagar a empresas agora teñen que pasar a outros concepto, salariais e de materiais, polo tanto independentemente de que gañe as eleccións e asuma as responsabilidades de goberno, terá un eixe fácil para rematar o ano e preparar un novo orzamento.

Explica que tamén existen partidas que cambian significativamente, como por exemplo os ingresos de IBI, porque antes se contemplaba a regularización catastral que agora non se contempla, por iso se minora, engadindo que tamén se incrementa o orzamento da prestación do servizo de axuda no fogar.

Explica o sr. alcalde que ese tipo de cuestións son as que xustifican os orzamentos propostos, xa que fora delas non supoñen un cambio fundamental porque non é o momento, tratándose unicamente de aquilatar aquilo que sexa preciso.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que se fala de orzamentos de trámite, porén el cree que vai máis alá do trámite, aínda que só sexa porque se incorpora e se formaliza o do persoal subrogado. O orzamento supón un incremento do 1,2 %, con respecto ao do 2017, prorrogado ao 2018, e os cambios radican fundamentalmente no incremento do 28% dos gastos de persoal, fundamentalmente pola incorporación das subrogacións, sendo o capítulo que máis sube, seguido das transferencias correntes que se incrementan nun 19 %. Destaca o sr. Fernández que, tratándose dos ingresos, cabe destacar o incremento transferencias correntes, que lle pareceu significativo, e fundamentalmente polas transferencias da Administración autonómica da Xunta de Galicia, que está en torno a 600.000 €, e outros 400.000 € na participación nos tributos do Estado, o que lle chama especialmente a atención, sobre todo no caso do PIE, como se di no informe de intervención, polo que solicita que se explique porque se recolle ese incremento tan

elevado de 400.000 €. Sinala o sr. Fernández que tamén se incrementou nun 54 % o alleamento dos investimento reais, o que resulta significativo e que, dentro das grandes cifras, tamén hai unha que chama a atención, que é a débeda, que pasou de 1.700.000 € a 4.000.745 €, o que produce vertixe, aínda que saben que a parte fundamental corresponde ao préstamo do IDAE. Sinala o sr. Fernández que a estes efectos existe un plan de amortización que reduce a incerteza aínda que esta siga existindo.

O sr. Fernández que, refírese a partidas concretas, e di que lle gustaría que se explicara unha partida que vai en fomento do emprego, de 800.000 €, e pregunta cal é a previsión para este ano, ao tratarse dun incremento moi importante e ademais a cifra en si é unha cifra elevada, o que resulta positivo. Entende o sr. Fernández que o incremento do 64 % na partida para mobiliario urbano se explica e ten que ver co feito de que para o vindeiro ano hai eleccións, aínda que lle gustaría que non fora por iso, existindo tamén un incremento do 34 % para o mobiliario de parques e prazas, sinala que non está mal porén irán vendo se non é porque se trata dun ano electoral.

Tratándose da Administración xeral de cultura sinala o sr. Fernández que existen preto de 70.000 € para edificios e outras construcións e pregunta qué previsión se ten con esta cantidade. Sinala que tamén hai un incremento no subministro da enerxía eléctrica e o abastecemento de auga potable que lle chamou a atención, entendendo que se trata dos bombeos, e interésase pola razón dese incremento.

Destaca o sr. Fernández o importante descenso no gasto en relación co alumeadado público, dato moi positivo, agardando que esa previsión se cumpra, porque se estaba nun gasto moi elevado.

Tratándose dos impostos directos sinala o sr. Fernández que se minora o IBI, explicándose xa polo sr. alcalde que se explica pola finalización do proceso de regularización, co que xa da resposta a esa dúbida. Refírese o sr. Fernández aos informes de intervención e destaca que se pon especial énfase nas subvencións nominativas e na fiscalización desfavorable de moitas delas, tratándose dun tema no

que hai que seguir traballando, así como na insistencia da intervención de que deberían ser de concorrencia competitiva.

En relación cos ingresos o informe de intervención abunda no inflamento de partidas, como a taxa do servizo de auga, a taxa por servizos educativos, previsións por venda de terreos e incluso no tema do PIE. Sinala que no informe de intervención sempre se reparan eses inflamentos, e hai un problema porque se preveen uns ingresos e uns gastos, porén se non se xeran os ingresos hai un desfase que se acabará pagando por todos.

Salienta o sr. Fernández que para o seu partido é moi importante que, una vez mais, está diante das contas de Anova-Son de Teo e PSOE, e non das contas de todos porque optaron pola vía de presentar uns orzamentos de parte sen pretender en ningún momento acadar máis apoios pola vía do diálogo e da negociación, porque aínda que non se conseguira polo menos que se tivera esa vontade.

Considera o sr. Fernández que é lexítimo porque sete máis dous son nove e supón unha maioría absoluta, porén é a práctica a que fala e evidencia que non houbo vontade de aplicar outra forma de facer política, e se lles pide o apoio sen ofrecer diálogo, cando as formas tamén son importantes.

Remata o sr. Fernández a súa intervención sinalando que agarda que dende o concello sexan capaces de executar estas contas e de cumprir con todo o previsto.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, e di que o orzamento é unha forma de ordenar unha serie de gastos que están tendo e que deben estar reflectidos nalgún documento, sobre todo gastos de persoal e do préstamo IDAE. Sinala que o incremento da débeda en ano electoral parece arriscado, porén están convencido con esta aposta para evitar ese gasto en alumeado cada vez máis alto e cada vez máis ilóxico. Sinala que, pola parte que lles toca nos investimentos, hai unha alta porcentaxe de investimentos no orzamento. Se prevé así mesmo que para o primeiro trimestre chegue algunha axuda do IDAE solicitada polo Pleno, por exemplo unha axuda xa

concedida de renovación para instalacións fotovoltaicas, esperando que vaian chegando pouco a pouco estas resolucións favorables.

Opina a sra. Lemus que son uns orzamentos bastante continuistas e realistas, sobre todo tendo en conta a liquidación aprobada no ano 2017.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen lle cede a palabra ao concelleiro do seu grupo D. Antonio Reyes Sánchez Crespo.

O sr. Sánchez di que antes de entrar en valoracións pide que o sr. alcalde xustifique o inflamento dos ingresos citados no informe de intervención, fundamentalmente procedentes de taxas e impostos municipais, e que xustifique tamén o feito de ter inflado un ano máis por enésima vez consecutiva os ingresos en concepto de venda de terreos.

O sr. alcalde di que vai a ir por partes para intentar das resposta as cuestións plantexadas. Explica que, tratándose do obradoiro de emprego, este ano hai dous concedidos e houbo que incorporalo no exercicio orzamentario deste ano, sendo o que aparece reflectido o custo real que teñen, ven entendido que 240.000 € aproximadamente son subvencionados pola Xunta, o que xustifica o incremento a nivel de ingresos que se producen nalgunhas das partidas da Xunta de Galicia. Explica que en ingresos unha das partidas que máis se incrementa en relación cos orzamentos do 2017 é o referido ás transferencias correntes en cumprimento de convenios subscritos coa Comunidade Autónoma en materia de servizos sociais e políticas de igualdade, ao incrementarse as horas de SAF, vindo de aí o incremento derivado desa subvención.

Tratándose da Administración xeral de cultura sinala que esa cantidade desmesurada que sinalou o sr. Fernández refírese, como se ve no anexo de investimentos, á reforma do auditorio.

Tratándose de augas da enerxía explica que hai dúas partidas de auga, a de alcantarillado e a de abastecemento de auga. A partida de enerxía eléctrica no



alcantarillado no anterior orzamento era de 250.000 €, e baixa a 160.000 €, porén no capítulo de auga potable no anterior orzamento había 135.000 € e pasa a 240.000 €, polo tanto hai unha compensación entre saneamento e abastecemento.

Sinala o sr. alcalde que en relación coas observacións do PP non hai moita contestación porque non considera que exista un incremento excesivo no tema de ingresos e taxas municipais. Se se consideran taxas o que se recada por subministro de augas, non se incrementa o prezo, porque non se aplicaron incrementos de prezos en ningunha das partidas, o que existe é un incremento no número de abonados, que no caso de auga é moi significativo, non tanto no caso do alcantarillado, como así noutros servizos municipais.

Sinala o sr. alcalde que consideran que é un orzamento de ingresos bastante fino, que parte da experiencia do ano pasado, tendo en conta que na liquidación do ano pasado houbo un superávit de case un millón de euros, e se eses ingresos non estiveron afinados non podería existir ese superávit. Explica que foron bastante conservadores no que foron as previsións e o resultado orzamentario de final de ano foi bo e este ano intentaron facer o mesmo, é dicir, que se son conscientes de que van a existir eses ingresos o lóxico e recollelos orzamentariamente e non vai a ser porque se suba ningunha taxa, máis alá das que xa se realizaron das hora do SAF, por prescrición da Xunta de Galicia. Tratándose das vendas de terreos, di que pode asumir a crítica, aínda que o rebaixaron bastante, e cree que por fin este ano se van a realizar.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que queda sen responder o tema do PIE.

O sr. alcalde di que foron ingresos reais deste ano precedente, do exercicio 2018.

O sr. Fernández di que, cando fala de inflamento, se refería ao informe de intervención no que se di que existe un inflamento de determinadas partidas que se citan, sinalando que se trata de incrementos non xustificadas.

A portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, non fai uso da súa quenda de intervención.

Intervén o concelleiro do PP, sr. Sánchez, e di que pensa que os orzamentos reflicten o que é este goberno e resumen bastante ben o que foron estes case catro anos de lexislatura. Considera que se trata duns orzamentos que desbocan á débeda e lle produce máis que vertixe saber que hai case cinco millos de euros de débeda neste exercicio. Pensa o sr. Sánchez que se desoen as necesidades da veciñanza, e pensa que constatan o dedazo nalgunha das cuestións que al final terminou sendo pegada da súa forma de traballar nesta lexislatura.

Lamenta o sr. Sánchez que non existira participación e se fixeran unilateralmente. Opina que a débeda é absolutamente desbocada de 4,7 millóns de euros o que supón o 33 % dos dereitos liquidados.

Salienta o sr. Sánchez que outra das características deste orzamento son as subvencións nominativas, a dedo, constatándose un ano máis a súa existencia, sen que pareza que o sistema ordinario é o da concorrencia competitiva para que todas as asociacións teñan as mesmas oportunidades en igualdade de condicións. Considera que o capítulo de persoal merece unha mención aparte porque se está a crear unha Administración paralela. Lembra, a principio da lexislatura, o Pleno máis acalorado que se celebrou no que se tomaban decisións en relación coas retribucións do persoal e se xustificaba porque se dicía que Montoro non permitía facer outra cousa, porque a Lei de orzamentos xerais do Estado daquel momento non permitía facer outra cousa do que se estaba a facer, e hoxe demostrase que aquilo era un exercicio de demagogia política porque da a sensación que neste momento lle importa un bledo ter en consideración os mínimos preceptos legais da Lei de orzamentos, xa que se saltan polo aire todos os preceptos legais en relación co persoal.

Pregunta o sr. Sánchez se este é o modelo que querían para acceder ao emprego público e para a municipalización dos servizos. Considera que hai catro anos non se quería este modelo e se non fora así sería gravísimo. Salienta o sr. Sánchez que non

se están creando prazas baixo os principios de igualdade, mérito e capacidade e as que se crean non se poden crear coa Lei de orzamentos do Estado.

Sinala o sr. Sánchez que, tratándose do incremento de ingresos, o sr. alcalde di que non se fai un incremento substancial, porén existen partidas infladas ata nun 70 %, e así tratándose do IBI en rústica os dereitos recoñecidos no 2017 eran de 19.000 € e pasan a 30.000 €, as plusvalías no 2017 ascenderon a 20.000 € e agora recóllese 30.000 €, a taxa por servizo de augas incrementase en 50.000 €, a taxa por servizos educativos incrementase nun 56 %, 72.000 €, etc...

Sinala o sr. Sánchez que, tratándose da participación nos tributos do Estado, se incrementa en 300.000 euros. Se isto non é inflar ingresos nalgunhas partidas....

Salienta o sr. Sánchez que non o di el senón que o di o informe de intervención.

Sinala o sr. Sánchez que se pode considerar que as magnitudes melloran, porén existe unha espada de Damocles determinada pola sentenza de Viaqua, que está por caer, e sería o que faltaría sumado a eses cinco millóns de débeda..

Pensa o sr. Sánchez que non se recollen nos orzamentos as necesidades da veciñanza, porque un dos grandes problemas e a seguridade, e os prometidísimos aumentos nas partidas orzamentarias para a seguridade, aparecen conxelados, sen facer referencia á baixa que sofre protección civil, tratándose do alcantarillado o capítulo de forma xeral baixa á metade. Salienta o sr. Sánchez que en abastecementos non hai investimentos e non se entende porque se de facto se está aforrando coa municipalización e a veciñanza paga as mesmas taxas como é posible que no capítulo de abastecemento non haxa máis investimentos. A luz ia supor un aforro de 300.000 €/ano e quedouse en 200.000 €, por tanto vaise perder un millón de euros neses dez anos de amortización.

Dirixíndose o sr. alcalde, o sr. Sánchez dille que pare ter sido fino e minucioso nas contas nalgún momento o seu lápiz tivo algún desliz, engadindo que se conxelan os investimentos en educación e baixan nalgún outro servizo.

Remata o sr. Sánchez a súa intervención sinalando que pensa que se trata duns orzamentos que non se poden admitir e condena enerxicamente o orzamento que trae unha débeda desbocada e non responde ás necesidades dos veciños/as teenses.

O sr. alcalde dille ao sr. Sánchez que, tratándose da débeda, pode estar tranquilo. Salienta que se apostou por unha renovación do alumado en virtude dun préstamo europeo, para reducir a factura eléctrica, é una aposta e iso implica incrementar a débeda de xeito importante, e non se incrementa ningún outro tipo de débeda que non fose esa.

Salienta que evidentemente o que non se pode pedir é que o aforro se produza cando as farolas non están funcionando, engadindo que o ano que ven se estará en condicións de comprobar se as previsións eran correctas. Explica o sr. alcalde que este ano non se paga nada do crédito do IDAE porque existía unha carencia, precisamente para dar tempo á execución de toda a instalación e a reconducir o proceso administrativo necesario para que esa rebaixa na facturación sexa efectiva. Lembra o sr. alcalde que unha baixada importante da facturación ven polo consumo porén unha aforro máis importante ven pola contratación da potencia, sendo iso o que ten se ten que contratar unha vez que entreguen a instalación.

Explica o sr. alcalde que neste momento están convencidos de que o que ia a ser unha liquidación do investimento en dez anos se vai a facer en cinco ou seis, porque o custo se fai co custo eléctrico de finais do 2017 e hai que comparalo co custe eléctrico de hoxe en día ou o que haberá dentro dun ano. Considera o sr. alcalde que se trataba dunha actuación imprescindible para que as eléctricas non desfixeran o concello.

Salienta o sr. alcalde que outro aspecto importante, que é unha das bases fundamentais do crédito IDAE, é a seguridade. Se non se quere que ninguén se quede

amarrado a unha farola haberá que poñer as instalacións en perfectas condicións de seguridade, e iso non era así e co crédito se vai a conseguir.

Explica o sr. alcalde que os reparos de intervención hai que lelos e interpretalos, xa que o que di o informe de intervención se refire ao dereitos recoñecido no 2017, e se incrementan a 30.000, do 2017 a agora, e dicir que non son comparacións porque non se poden facer ata que a liquidación non estea feito, porén eles si poden facer valoracións políticas.

O sr. alcalde di estar seguro de que non se vai a incrementar en 10.000 € senón en 40.000 € ou 50.00 € porque o IBI rústica incrementouse dun xeito significativo, e iso no ano 2018 xa se constatou.

Tratándose da participación nos tributos do Estado se incrementa en 400.000 €, e hai que ter en conta que 350.000 € foi o que subiu a finais do 2018, por tanto se se fan os cálculos con ese parámetro, se suben 50.000 € e as previsións do Ministerio e que serán 100.000 € máis, polo tanto foron previsores e prudentes.

Salienta o sr. alcalde que polo tanto as comparacións neste senso son todas referidas ao 2017 e están contrastadas cos avances dos ingreso que se viñan realizando no 2018.

Sinala o sr. alcalde que tratándose do persoal, se fala de ilegalidade, os traballadores se subrogaron cautelamente porque anunciaban que ían a recorrer xudicialmente, porque teñan dereito a subrogación, e se o xuíz lles da ese dereito será porque o teñen.

Intervén o sr. Sánchez e di que non se refire a iso, invitando ao sr. alcalde a que lea o informe de intervención.

O sr. alcalde sinala que el discrepa e ten unha visión política diferente que a da interventora, xa que esta pode considerar que non é un medio competitivo, porén a

nova Lei de contratos di expresamente nun artigo que cando unha Administración pública se fai cargo dunha concesión privada ten que subrogar os traballadores. Esa forma de contratación non garante os procesos de ingreso na función público e por iso en Teo hai unha relación de traballadores que se rexen polo convenio municipal e uns traballadores, que están subrogados por sentenza, que se regulan polos convenios das súa empresas de orixe.

Sinala o sr. alcalde que non é certo que non se sacan as prazas en concorrencia competitiva, e así estanse sacando cinco prazas, porén por desgraza non poden ser fixos municipais e teñen que quitarse con carácter temporal, de forma interina, e son postos estruturais, e pese a iso se teñen que sacar de forma temporal.

Sinala o sr. alcalde que esas prazas terán que consolidarse, e é unha desgraza, engadindo que a municipalización dos servizos é unha aposta política coa que saben que o PP non está de acordo.

O sr. Sánchez di que non é certo porque votaron a favor.

O sr. alcalde di que retira a demagogia.

Tratándose da espada de Damocles de Aguaguest, sinala o sr. alcalde que o que o sr. Sánchez non acaba de entender é que se municipalizara ou non a auga, aínda que se sacara a concurso e o estivera xestionado, por exemplo, Espina e Delfín, existiría o mesmo problema coa liquidación do contrato, porque existiu unha decisión avalada polo Consello Consultivo que di que a prórroga do contrato era nula de pleno dereito, por iso o contrato con Aquaguest había que liquidalo, con independencia da xestión directa ou indirecta, e hai que pelexalo.

O sr. alcalde sinala que a sentenza en primeira instancia non vai a ser recorrida polo concello, si por Aquaguest, por tanto se entende que non están de acordo con ela, e máis ou menos a situación era dun millón a favor do concello.

O sr. alcalde di que falar de que non se están facendo investimentos no servizo de augas é absurdo, porque se están vendo. Non se pode esquecer que se está falando duns orzamentos quedando uns meses para as eleccións.

Sinala que nesta lexislatura a única zona que máis ou menos vai a quedar sen cobertura é Lampai, o que supón que se fixo un esforzo inversor importante precisamente por iso este ano no se tivo un superávit como o do ano pasado.

Considera o sr. alcalde que se na liquidación do 2017, a última que se fixo, houbo case un millón de euros de superávit, se cumpriu estabilidade orzamentaria, estabilidade financeira, e a regra de gasto, así que non se pode pedir máis, polo que a situación económica é moi boa.

Remata o sr. alcalde reiterando que os orzamentos son bos que e van a posibilitar incluso que quen gañe as eleccións poida chegar a final de ano de forma tranquila.

Co permiso da presidencia o sr. Fernández di que ao do PIE se lle respondeu agora, e non antes, engadindo que cando se fala de contrastar datos, eles contrastan os datos e os informes que se lles pasan e se o informe de intervención di unha cousa el non pode inventar outra.

O sr. Sánchez di que, tratándose do tema de persoal, non era preciso todo ese circunloquio e debate, que pode que poda ser máis ou menos eficaz que o sr. alcalde procure desviar o debate, porén era tan sinxelo como responder si ou non á pregunta de se todo o incremento que se fixo se aten aos preceptos legais da Lei de orzamentos do ano 2018.

O sr. alcalde dille ao sr. Sánchez que se considera que non se atende aos preceptos legais pode recorrela xudicialmente.

O sr. Sánchez salienta que non o di el, senón que o din os informe técnicos.

O sr. alcalde responde que se o din os informes técnicos con moita máis razón se o sr. Sánchez vai a un Xulgado o vai a gañar.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE), sete en contra (7PP) e unha abstención (1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro**.- Aprobar inicialmente o Orzamento Municipal para o exercicio 2019, cun importe total do Estado de Gastos de 16.070.017,28€ e do Estado de Ingresos de 16.070.017,28€, coa estrutura en capítulos que de seguido se relaciona:

**ORZAMENTO MUNICIPAL 2019-RESUMO POR CAPÍTULOS**

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	CRÉDITO INICIAL (EUROS)
1	Gastos de persoal	5.163.999,92
2	Gastos correntes en bens e servizos	5.970.129,15
3	Gastos financeiros	7.557,16
4	Transferencias correntes	692.990,00
Suman operacións correntes		<b>11.834.676,23</b>
6	Investimentos reais	3.732.289,15
7	Transferencias de capital	7.000,00
Suman operacións de capital		<b>3.739.289,15</b>
<i>Total operacións non financeiras</i>		<b>15.573.965,38</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	496.051,90
<i>Total operacións financeiras</i>		<b>496.051,90</b>
<b>TOTAL ESTADO DE GASTOS</b>		<b>16.070.017,28</b>

CAPÍTULO	DENOMINACIÓN	PREVISIÓN INICIAL (EUROS)
1	Impostos directos	4.295.000,00
2	Impostos indirectos	150.000,00
3	Taxas, prezos públicos e outros ingresos	3.135.000,00
4	Transferencias correntes	5.818.000,00
5	Ingresos patrimoniais	40.850,00
Suman operacións correntes		<b>13.438.850,00</b>



6	Alleamento de investimentos reais	184.605,00
7	Transferencias de capital	2.131.385,14
Suman operacións de capital		<b>2.315.990,14</b>
<i>Total operacións non financeiras</i>		<b>15.754.840,14</b>
8	Activos financeiros	0,00
9	Pasivos financeiros	315.177,14
<i>Total operacións financeiras</i>		<b>315.177,14</b>
<b>TOTAL ESTADO DE INGRESOS</b>		<b>16.070.017,28</b>

**Segundo.- Aprobar o cadro de persoal e demais anexos do Orzamento para o ano 2019, que constan no expediente.**

**Terceiro.- Expoñer o Orzamento citado ao público por prazo de quince días, por medio de edicto no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, coa finalidade de que as persoas e entidades interesadas poidan presentar as reclamacións que xulguen oportunas, de conformidade có disposto o artigo 169 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo.**

**De non presentarse reclamacións en prazo, o orzamento entenderase aprobado definitivamente, e será insertado, resumido por capítulos, no Boletín Oficial da Provincia.**

## **2.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN CO ARZEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA.**

O sr. alcalde da conta da proposta de 16 de novembro de 2018, que se recolle a continuación, ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa de facenda e asuntos económicos, especial de contas de 5 de decembro de 2018.

### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**Asunto.- Convenio marco de colaboración entre o concello de Teo e o Arcebispado de Santiago de Compostela**

O Arcebispado de Santiago é propietario no concello de Teo, de numerosos ben con grande interese social e patrimonial. Estas propiedades, en moitos casos, están vinculadas a intereses veciñais moi compartidos socialmente nas distintas parroquias ou, noutros casos, o seu interese patrimonial é moi importante ao estar ligados a feitos históricos relevantes ou ser xoias patrimoniais que cómpre preservar e gozar colectivamente.

A proposta deste convenio marco ten por obxecto fixar actuacións municipais a medio prazo que permitan recuperar para uso colectivo bens de alto interese social e patrimonial, mesmo algúns xa previstos no PXOM como zonas verdes públicas que manteñen titularidade privada. Todas as actuacións propostas están localizadas en espazos de uso público.

Cada unha das actuacións previstas neste convenio marco concretarase nun contrato que permita desenvolver os obxectivos fixados no convenio de forma específica.

Consecuentemente, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

**Primeiro**.- Aprobar o convenio marco que acompaña esta proposta, comprometéndose a Corporación municipal a prever nos orzamentos dos futuros exercicios as partidas que permitan o seu desenvolvemento

**Segundo**.- Delegar na Alcaldía a sinatura do convenio marco e a formalización de cada un dos contratos que o desenvolvan”.

### **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONCELLO DE TEO**

(...)

Explica o sr. alcalde que o *leitmotiv* deste convenio é unha serie de reclamacións ou inqedanzas da veciñanza que pretendían recuperar un espazo público que consideraban necesario para as súas actividades e para enriquecer o tecido social e a propiedade social. Este convenio vai a permitir esa recuperación, aínda que non é tal

“recuperación” senón que se trata de dotarse de espazos públicos, porque por desgraza nunca foron da sociedade civil, e agora van a poder chegar a selo. O convenio descansa en tres grandes apostas. A primeira refírese á recuperación dun espazo emblemático en Calo, que é a carballeira da tomada. No PXOM xa aparece como zona verde e iso obrigaría, se o reclaman, a ter que expropiala. Segundo o informe técnico se valora en máis de 100.000 € porén a compra sería por 60.000 €.

Salienta o sr. alcalde que nada do que vai no convenio se debe tomar de forma individualizada e hai que valoralo no seu conxunto, porque por exemplo a operación da finca da tomada por 60.000 € por si soa non sería posible senón que ten que ser no conxunta do convenio.

A segundo aposta se refire á recuperación da horta do cura de Luou. Neste caso se pagaría un aluguer anual de 2.400 € que segundo o técnico é razoable.

Explica o sr. alcalde que este caso ten unha trastenda e que hai o *hándicap* de que está catalogado como ampliación de núcleo, engadindo que non quere imaxinar que acontecería se a Igrexa a vendera e se fixeran alí 3 ou 4 chales, sendo iso unha das razóns que lles moveu a dar o paso.

En terceira lugar está a Casa reitoral de Bamonde ligado á batalla de Cacheiras. Neste caso tense avanzado un proxecto de restauración, resultando imprescindible recuperar esa espazo e darlle un uso público.

Sinala o sr. alcalde que as demais cuestións igual teñen menor relevancia, e non foron o motor da decisión, supoñen un custo moi inferior para o concello e se enmarcan en pequenas restauracións de espazos que aínda que sexan propiedade da Igrexa están en espazos de uso público.

Aberta a primeira quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, sinala que ten unha dúbida relacionada co motivo polo que esta proposta se trae a Pleno. Explica que se fai este pregunta por tres razón. Primeiro porque un dos

obxectos dos contratos dos que se fala acábase de ditaminar en Comisión Informativa, segundo porque segundo o convenio é competencia da alcaldía a sinatura dos contratos, que é o que lle vai a dar validez legal, e terceiro porque carece de informes de secretaría e intervención e polo tanto non ten a validez legal que debía ter, máis aló dunha declaración de intencións.

Considera o sr. Fernández que se se trata dun convenio se deberían cuantificar as contraprestacións, ter os proxectos ou cando menos os anteprojectos dos que se fala para permitir saber a contía dos orzamento a investir. Sinala que se fora un protocolo de intencións non tería máis problema, podería admitirse formalmente como unha folla de ruta para ir asumindo a xestión dese patrimonio e o mantemento do mesmo, dada a súa situación actual de abandono, porén existen compromisos concretos que a Administración asume polo tanto debería facerse unha aproximación dun custo e unha programación mínima, o que esixe unha memoria económica e técnica valorada para saber o que vai a asumir o concello nas distintas operacións.

Sinala o sr. Fernández que, tratándose da compra onerosa, que é o caso da finca da tomada, supón unha clara infracción do artigo 12 do Regulamento de bens das corporacións locais que esixe e precisa unha valoración e peritación previa. Lle sorprende ao sr. Fernández que unha Administración Pública faga un pacto a tanto alzado e se comprometa a iso sen os informes técnicos de valoración que prevé o Regulamento citado, ademais de asumir este compromiso de gasto sen respaldo orzamentario, polo tanto como convenio é un pouco caótico.

Quere o sr. Fernández que quede claro que o seu grupo está de acordo con esta pseudodesamortización, temporal e a medias que supón un custo para os veciños/as de Teo, dos bens do Arcebispado para uso veciñal, sen esquecer que non se trata dunha cesión sen máis senón dun negocio.

Sinala o sr. Fernández que, de cara ás restauracións, era bo acadar acordos con patrimonio, coa Xunta de Galicia, tanto coa finalidade de obter recursos como con respecto ao proceso de restauración.



Solicita o sr. Fernández que conste en acta que o BNG esta de acordo coa disposición de bens de propiedade do Arcebispado, aínda que os veciños/as poidan pensar que son da parroquia e pensen, porque a veces pasa, que a parroquia son eles. Están de acordo con que se dispoñan eses ben para disfrute veciñal e para protexer ese patrimonio, porque será da Igrexa pero el considera que ese patrimonio é de todos/as, porén despois de todas esas actuacións ese patrimonio seguirá sendo patrimonio da Igrexa con todas as actuacións que se preveen, a excepción da finca da tomada, porque se se merca pasará a ser da Administración local.

Sinala o sr. Fernández que polo tanto está de acordo coa primeira parte da declaración de intencións, porén outra cousa é que se asuman compromisos concretos, que implican cartos públicos, sen unha mínima xustificación, algo que considera importante. Polo tanto asumen dende a primeira cláusula ata a oitava, discrepando absolutamente coas cláusulas novena e décima, porque son demócratas, e defenden o interese xeral, e porque lles parece unha chantaxe. Procede o sr. Fernández a dar lectura á cláusula novena e salienta que estes bens incorpóranse ao patrimonio público polo que hai que admitir realizar actividades consonte á imparcialidade e defensa dos intereses xerais que preside toda Administración Pública, e dende esta perspectiva non é a admisible unha imposición do Arcebispado relativa a prohibir á realización de actividades contrarias á doutrina católica. Opina o sr. Fernández que se se trata de actividades que ofendan ou injuriosas non fai falla poñelo no Convenio, porque xa está o Código Penal, porén con este redacción estanse a limitar actividades que pode promover unha Administración por exemplo unha charla sobre a diversidade sexual, sobre a orixe do mundo, sobre o aborto, sobre o divorcio, etc.

Considera o sr. Fernández que unha cousa é que non se realicen actos ofensivos contra a doutrina da Igrexa, que non fai falla poñelo, porque hai outras vías para perseguilo, e outra é que unha vez cedidos para uso e xestión pública debe admitirse calquera actividade que responda, con neutralidade, aos intereses xerais, polo tanto non entende a posición de Son de Teo e do PSOE en relación con esta cláusula, nomeadamente no caso de Anova-Son de Teo.

Considera o sr. Fernández que a cláusula décima tamén é inaceptable, porque collese a parte polo todo, chegándose incluso a dicir que se se incumpre algunha das cláusulas do convenio por parte do Concello o Arcebispado pode instar a resolución total ou parcial do convenio, con independencia do que se teña feito das inversións.

Segundo o sr. Fernández con este Convenio o Arcebispado é o que sae claramente gañando, porque deixa en mans do concello os bens da súa propiedade temporalmente, salvo a tomada, que van a ser restaurados, e para eles non cambia nada e co paso do tempo as van a ter niqueladas, asumindo o concello todos os custos.

Sendo as vinte e dúas horas e dez minutos sae do Salóns de Plenos a concelleira de Son de Teo-Anova, D. <sup>a</sup> M<sup>a</sup> del Pilar Pérez Fagil, que se incorpora pasados dous minutos.

O sr. Fernández considera que non se pode dar este trato privilexiado á Igrexa e o lóxico sería facer unha memoria, coas necesidades a cubrir, e as previsións orzamentarias, engadindo que como demócrata non se pode asumir a autocensura.

Considera o sr. Fernández que polo tanto este texto, tal e como está formulado, non debería ser obxecto de votación, porén como este non é o propósito do alcalde, senón non o sometería a Pleno, se vai a abster, e non porque non estean de acordo co que se dispón deses bens para disfrute veciñal dos mesmos, pero non de calquera maneira e a calquera prezo.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen sinala que non se trata dun convenio sinxelo, nin un convenio uso. Sinala que con independencia de que sexa a Igrexa Católica, cando se fai un convenio de cesión é normal que os propietarios coloquen algún tipo de cláusula restrinxida para a defensa dos seus intereses e dereitos, sempre dentro da legalidade.

Considera que, con independencia do que se poida plantexar dende un punto de vista político, a cláusula novena é legal e frecuente neste tipo de convenios de cesión. Sinala a sra. Lemus que parte do feito de que se trata de bens patrimoniais imprescindibles para o concello, e de reivindicacións históricas, como todo son conscientes, considerando ademais que a recuperación de certos bens deste estilo é o máis axeitado como recomendación para o futuro.

Sinala a sra. Lemus que a Igrexa católica non é moi dada a facer este tipo de cesións a non ser que, coma neste caso, exista un interese económico, tendo en conta ademais que se trata de propiedades que tiña que ter recuperadas ao non está cumprindo co seu deber urbanístico de manter en perfecto estado as súas propiedades.

Sinala a sra. Lemus que se trata de recuperar para o uso público determinadas propiedades para uso público. Aclara que no POS se meten no complementario precisamente porque son propiedades que implican un necesario informe de patrimonio, que son difíciles de cumprir e de discutir.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen di que cree que as fincas están mellor usándose e disfrutándose polos veciños xa que están con silvas e por exemplo a casa de Bamonde está na ruína e convén meterlla man. Di o sr. Guerra que quere lembrar que na parroquia de Bamonde hai unhas instalación, como as escolas, o teleclub, que está caendo, lle está caendo o tellado, as portas e ventás están sen vidros, etc, e tratándose da casa social a única inversión que se fixo foi tapar as portas e ventás cunha chapa de fimapán.

Refírese o sr. Guerra ao interese veciñal da actuación proposta, engadindo que en todo caso ao non ter o informe de secretaría se van a abster.

O sr. alcalde di que é ateo pero non iluso, sabe quen ten a propiedade e como non é Mendizabal non pode ir a desamortizar, polo que ten que facer o que pode facer e o que pode facer é o cree que é un paso importante no camiño da recuperación, agardando que iso non quede aí e se poidan recuperar totalmente.

Explica que se considera importante dar este paso, é o fai coa cabeza moi alta, co fin de abstraelos bens do mercado, engadindo que a casa de Bamonde estiveron a punto de vendela para unha cadea.

O sr. Guerra di que non se pode vender, engadindo que pola información que manexa a doou unha señora e intentaron vendela e non puideron.

O sr. alcalde di que, polas versións que ten, foi máis a crise económica o que o impediu, porque as negociacións estaban moi avanzadas cunha cadea, que afectaba non so á casa reitoral de Bamonde, senón tamén a outras casas reitorais, e se venden a de Luou, non van a vender sen horta, e menos ao estar como ampliación de núcleo.

Explica o sr. alcalde que na balanza hai que poñer o que hai que poñer e hai que tomar decisións, aínda que sexan decisións que custan, engadindo que a cláusula novena non lle gusta, porén entende que se os de Cacheiras lle ceden o campo ao concello e din que o usan de forma preferente, sendo club residente, e iso lle confire determinados dereitos, parece lóxico que a Igrexa faga o mesmo que o Cacheiras, aínda que lle molesta máis porque é ateo, pero entende que o que ten a propiedade impón determinadas condicións e o que hai que valorar, sen máis, é se nesas condicións convén ou non facelo.

Explica o sr. alcalde que a cláusula décima di iso, pero tamén o di en sentido contrario, e así se por exemplo a Igrexa non pode acreditar a propiedade e non se pode acordar a venda, actuarase en sentido contrario, tratándose polo tanto dunha cláusula de salvagarda.

Ante a pregunta de porque se trae a Pleno, o sr. alcalde explica que se trata dun convenio que obriga a uns alugueiros durante 20 anos, sendo máis democrático que sexa unha decisión asumida colectivamente pola Corporación. Sinala que tampouco cree que sexa unha cuestión sen informes, xa que no expediente hai informes do arquitecto municipal dos tres grandes investimentos, do aluguer de Bamonde e de Luou



e da compra da tomada, existindo tamén un peritaxe da Igrexa, aínda que quen ten que ser determinante para a toma de decisións é o arquitecto municipal.

Explica o sr. alcalde que a secretaria informará cada un dos acordos a que o convenio de lugar, porén non virán a Pleno. A decisión política está tomada e serán a secretaria e a interventora as que fiscalicen se se cumpre a legalidade para realizar iso estando en todo caso claro que non se vai a mercar a finca da tomada por 80.000 € se no convenio pon 60.000 €, que é do que se trate co convenio, poñerlle un prezo ás cousas.

Sinala o sr. alcalde que a partir da cláusula sexta as obrigas son mínimas, e así por exemplo no caso da urbanización en Cacheiras, do desvío da estrada provincial, o único que queren e que os coches se saquen de alí, algo co que el está de acordo.

Salienta o sr. alcalde que existen cuestións dificilmente cuantificables, como o tema dos frescos da Igrexa de Rarís, que haberá que ver se compensa recuperalos ou non, pois xa se verá se ten interese ou non, pero parece que convén facer o esforzo de valoralo.

O sr. alcalde explica que non están superorgullosos do convenio, preferindo a vía da expropiación, porén non se pode levar adiante, engadindo que o convenio se pode defender con moita dignidade e vai a ser bo para o aproveitamento xeral, aínda que teña aspectos que non lle gusten.

Aberta a segunda quenda de intervencións, o portavoz do grupo mixto, sr. Fernández, di que hoxe lle comentou unha persoa que o Ducado de Alba estaría contentísimo dun convenio deste tipo, porque unha vez restaurado, recuperaríase o ben.

Considera que o convenio pode estar ben, porén que alugemos un piso e que nos diga o propietario o que temos que comer ou a quen podemos meter, é gravísimo. Como tamén o é que nun ben de uso público non se poidan facer determinadas actividades, como unha charla para os nenos sobre a orixe do mundo. Reitera o sr.

Fernández que a el esa cláusula lle indigna, engadindo que a cláusula décima ten relación con esa.

O sr. Fernández opina que, aínda que a propiedade sexa deles, quizás habería que ir máis atrás e ver como chegou a eles a propiedade.

O sr. Fernández di que entende o que fai o arcebispado, miran polo deles, porén se están xestionando os recursos dos veciños/as de Teo, por iso a lectura desa cláusula lle condiciona todo. Di o sr. Fernández que está de acordo coa recuperación do espazo público, porén o Regulamento de bens dispón unha serie de obrigas que non se cumpren neste caso, e o convenio debería respectar esa normativa

Insiste o sr. Fernández en que ven a Pleno, e non tiña porque vir, e non sabe se será por votar a cláusula novena.

Di o sr. Fernández que volve ao principio e explica que ás 19:30 tiveron unha Comisión informativa cunha inversión, na horta do cura de Luou, de en torno a 600.000 euros, polo tanto xa se preveu que van a ser de uso municipal porque senón non entende porque existe un investimento ditaminado favorablemente, polo tanto se pregunta porque o traen a Pleno, e non sabe se será por votar a cláusula novena, porque polo resto non tiña que someterse a Pleno.

Sinala o sr. Fernández que ademais non existen os informes correspondentes e polo tanto non obriga a nada, unicamente se asinará un convenio de colaboración.

Remata o sr. Fernández sinalando que a cláusula novena non lle parece de recibo, porque son bens de uso público e para o interese xeral.

Intervén a portavoz do PSdeG-PSOE, sra. Lemus, quen di que o ano pasado co campo de fútbol de Cacheiras se fixo o mesmo. Sinala que o que hai é unha valoración diferente de cada unha dos grupos do que é a defensa do interese xeral. Considera que como un primeiro paso para a recuperación de bens non está mal

Sinala a sra. Lemus que en todo caso lle resulta igualmente lexítimo unha posición que a outra e non lle acaba de atopar ningún pero ao que di o BNG, entendendo tamén o explicado polo sr. alcalde.

Intervén o portavoz do PP, sr. Guerra, quen di que no caso de Bamonde son 35 anos prorrogables e no de Luou non.

O sr. alcalde explica o tema da duración.

Remata o sr. alcalde sinalando que non se pode vir a Pleno cun acordo que non estea pactada inicialmente co Arcebispado, Dirixíndose ao sr. Fernández dille que esta de acordo con moitas das cousas que expuxo porén se trata de poñer nunha balanza e ver qué pesa mais.

**Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con nove votos a favor (7 Son de Teo-ANOVA e 2 PSdeG-PSOE) e oito abstencións (7 PP e 1 grupo mixto), acorda:**

**Primeiro.- Aprobar o convenio marco que acompaña esta proposta, comprometéndose a Corporación municipal a prever nos orzamentos dos futuros exercicios as partidas que permitan o seu desenvolvemento.**

**Segundo.- Delegar na Alcaldía a sinatura do convenio marco e a formalización de cada un dos contratos que o desenvolvan.**

## **CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN ENTRE O ARCEBISPADO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E O CONCELLO DE TEO**

En Santiago de Compostela, a ..... de decembro de 2018



Por unha parte, o Excmo. e Rvdmo. Sr. D. Julián Barrio y Barrio, con DNI....., Arcebispo da de Santiago de Compostela, con domicilio a estes efectos en .....

Por outra, D. Rafael Carlos Sisto Edreira, con DNI 33.252.652X, alcalde do concello de Teo (A Coruña), con domicilio a estes efectos en Trav. da Ramallosa, 38 – A Ramallosa, Lucí (Teo)

Ambas partes na representación que ostentan por parte do Arcebispado de Santiago de Compostela e do concello de Teo, o seu Alcalde, recoñécense mutuamente na calidade en que cada un intervén, con capacidade legal para asinar o presente convenio marco, e a tal fin

#### EXPOÑEN

Que o Arcebispado de Santiago é titular da Casa reitoral de Bamonde, que se atopa en estado de pouco uso e en risco de deterioro, que ten un valor histórico relevante relacionado coa Batalla de Cacheiras (1846) e que, en consecuencia, o concello de Teo estaría interesado en obter a cesión da Casa reitoral de Bamonde co obxecto de conservala debidamente e utilizala para actividades relacionadas, principalmente, cos feitos históricos citados e para outros usos de interese público e social.

Que o Arcebispado de Santiago é propietario da casa reitoral de Santa María de Luou cunha ampla horta anexa, sen uso dende hai varios anos, atopándose o entorno da casa deteriorado polo acceso de coches que mesmo afectan á integridade do cruceiro alí existente. Por outra banda, o concello de Teo non dispón na parroquia de Luou dun espazo público no que poder establecer un área de recreo con xogos infantís e zona verde de ocio, sendo esta unha reclamación recorrente da veciñanza.

Que o Arcebispado de Santiago asume anualmente un alto custo polas taxas de recollida dos residuos sólidos urbanos debido ao gran número de propiedades e instalacións coas que a Igrexa conta por todo o territorio municipal

Que o Arcebispado de Santiago é propietario da carballeira da Tomada, no lugar da Igrexa na parroquia de Calo, identificada no PXOM de Teo como “Sistema de espazos libres e zonas verdes públicas” SXP-PU6, da que ten interese en desprenderse para poder acometer outros investimentos na parroquia, ao tempo que o concello está disposto a facerse co uso deste solo de servizo xeral.

Que o Arcebispado de Santiago é titular doutras propiedades no concello de Teo de alto valor histórico que requiren actuacións que permitan a súa conservación e integración no patrimonio paisaxístico e cultural do concello, nas que o concello pode colaborar dende o punto de vista administrativo e de promoción

Dada a comunidade de intereses e en virtude do exposto, as partes acordan subscribir o presente **convenio marco** con concreción das seguintes

### CLÁUSULAS

**PRIMEIRA.-** O Arcebispado de Santiago comprométese a ceder por un período de 35 anos, prorrogables de mutuo acordo, ao Concello de Teo, a Casa reitoral de Bamonde co terreo circundante. As partes establecen un pago mínimo anual en concepto de alugueiro equivalente á totalidade das taxas de recollida de RSU que actualmente paga o Arcebispado, salvo que o Arcebispado adquira novos inmobles suxeitos a tal taxa, pois nese caso o alugueiro deberá revisarse á alza neste senso.

O concello asume a redacción dun proxecto técnico de rehabilitación e conservación da casa reitoral de Bamonde, e solicitude das autorizacións sectoriais pertinentes para a execución das obras de rehabilitación nun período máximo de 6 anos dende a sinatura do convenio.

Unha vez rehabilitada, o Arcebispado disporá dunha sala de uso parroquial no baixo da casa e, puntualmente, poderá utilizar outras dependencias previa solicitude.

Para desenvolver as obrigas asumidas nesta cláusula do convenio as partes obríganse a formalizar o correspondente contrato no prazo máximo de dous meses dende a sinatura do convenio.

**SEGUNDA.-** O Arcebispado de Santiago comprométese a ceder ao Concello de Teo, por un período de 20 anos, a horta da Casa reitoral de Luou delimitada no Anexo I, que en ningún caso perxudicará a horta parroquial. As partes pactan un pago anual en concepto de alugueiro de 2.450,00€, cun período de carencia de 3 anos. O acordo será renovable por períodos de 12 anos (tres lexislaturas), fixándose a cantidade do alugueiro por mutuo acordo.

O concello asume a redacción do proxecto de instalación dunha área recreativa e de ocio infantil e xuvenil na horta, incorporando a apertura de accesos dende a carballeira

mantendo o muro existente, a construción dun muro de separación das dependencias da casa reitoral completando o xa existente, e a restauración do pombal da casa e do cruceiro situado diante da casa reitoral, zona na que se impedirá o acceso de coches, actuacións a realizar no prazo máximo de dous anos dende a sinatura do convenio.

A horta será de uso compartido e acceso público, con peche nocturno máximo de 10 horas.

Para desenvolver as obrigas asumidas nesta cláusula do convenio as partes obríganse a formalizar o correspondente contrato no prazo máximo de dous meses dende a sinatura do convenio.

**TERCEIRA.-** O Arcebispado de Santiago comprométese a vender ao concello de Teo a finca chamada da Tomada, situada na Veiga de Calo, no lugar da Igrexa, con referencia catastral 15083B508006700000SP, de 10.308 m<sup>2</sup>, identificada no PXOM de Teo como “Sistema de espazos libres e zonas verdes públicas” SXP-PU6, por un prezo total de 60.000€, a pagar no momento da sinatura da escritura notarial de compraventa, na que se desenvolverán as obrigas asumidas nesta cláusula, debendo ser formalizada a escritura pública nun prazo máximo de tres meses dende data do Convenio.

**CUARTA.-** O concello de Teo, unha vez executada a ampliación e desvío da estrada provincial, procederá a urbanizar o espazo público no entorno da igrexa de Cacheiras, con especial preferencia para os peóns. Os servizos técnicos municipais buscarán unha solución asumible por Patrimonio que permita a accesibilidade das cadeiras de rodas ao interior do adro da igrexa de Cacheiras no prazo máximo dun ano dende a sinatura do convenio.

**QUINTA.-** O concello de Teo comprométese a realizar os estudos técnicos e sectoriais pertinentes para a recuperación e conservación dos frescos exteriores na Igrexa parroquial de Rarís, executando no prazo máximo de dez anos a obra de conservación que determine o estudo técnico do patrimonio, a restauración (encintado) dos muros dos adros das igrexas de Santa Baia de Oza e San Miguel de Rarís e a restauración do cruceiro situado no campo público da festa de Oza. Os servizos técnicos municipais axilizarán, dentro do marco legal e regulamentario, a tramitación da licenza de obra e actividade do albergue de Reis e modificarán a colocación dos contedores de lixo agora situados na entrada desa igrexa.

**SEXTA.-** O concello de Teo comprométese a realizar a limpeza dos adros utilizados como espazos públicos durante as festas parroquiais, nas mesmas condicións nas que realiza a limpeza dos outros espazos que quedan afectados trala celebración das festas.

**SÉTIMA.-** Todos os importes incluídos no Convenio son importes brutos, quedando sometidos os mesmos á tributación que lle resulte aplicable.

**OITAVA.-** As obras de restauración, conservación e demais actuacións ás que se compromete o Concello, deberán de executarse con estrito cumprimento da Lei de Patrimonio Cultural de Galicia e demais normativa que poida resultar de aplicación.

**NOVENA.-** Nos inmobles obxecto deste convenio non poderán realizarse actividades que sexan contrarias á moral ou á doutrina da Igrexa Católica.

**DÉCIMA.-** Para o caso de que non se formalicen os correspondentes contratos, non se inicie ou complete a restauración dos bens comprometidos ou se incumpra algunha das cláusulas do convenio por parte do Concello de Teo, o Arcebispado poderá instar a resolución total ou parcial do Convenio, quedando no seu favor os cumprimentos que, de ser o caso, levase executados o Concello ata ese momento, podendo ademais esixir os danos e prexuízos que se lle causen por tales incumprimentos.

Para o caso de que non se formalicen os correspondentes contratos ou se incumpra algunha das cláusulas do convenio por parte do Arcebispado, o Concello de Teo poderá instar a resolución total ou parcial do Convenio, podendo ademais esixir os danos e prexuízos que se lle causen por tales incumprimentos.


E en proba de conformidade, firman por duplicado exemplar e a un solo efecto no lugar e data indicados no encabezamento.

Excmo. e Rvdm. Sr. D. Julián Barrio y Barrio  
Arcebispo da de Santiago de Compostela

Sr. D. Rafael C. Sisto Edreira  
Alcalde de Teo

## ANEXO

PARCELA MATRIZ SEGÚN CATASTRO  
E: 1/1000  
Superficie total: 6352 m<sup>2</sup>



Parcela construída sin división horizontal  
Localización  
LG IGREXA (LUOU) 11 15083A09300095  
TEO (A CORUÑA)  
Superficie gráfica  
6.352 m<sup>2</sup>





GOBIERNO  
DE ESPAÑA

MINISTERIO  
DE HACIENDA

SECRETARÍA DE ESTADO  
DE HACIENDA  
DIRECCIÓN GENERAL  
DEL CATASTRO

REFERENCIA CATASTRAL DEL INMUEBLE  
**4192103NH3349S0001PD**

DATOS DESCRIPTIVOS DEL INMUEBLE

LOCALIZACIÓN  
INMUEBLE SUJETO A PROCEDIMIENTO DE VALORACIÓN COLECTIVA CON EFECTOS 2019)

LG IGREXA (LUOU) 11 15083A09300095

15883 TEO (A CORUÑA)

USO PRINCIPAL

Residencial

AÑO CONSTRUCCIÓN

1900

COEFICIENTE DE PARTICIPACIÓN

100,000000

SUPERFICIE CONSTRUIDA (m<sup>2</sup>)

565

PARCELA CATASTRAL

SITUACIÓN

LG IGREXA (LUOU) 11 15083A09300095

TEO (A CORUÑA)

SUPERFICIE CONSTRUIDA (m<sup>2</sup>)

565

SUPERFICIE GRÁFICA PARCELA (m<sup>2</sup>) TIPO DE FINCA

6.352

Parcela construida sin división horizontal

CONSTRUCCIÓN

Destino	Escala	Planta	Puerta	Superficie m <sup>2</sup>
VIVIENDA	1	00	0A	199
VIVIENDA	1	01	0A	199
ALMACEN	2	00	A	79
ALMACEN	3	00	A	47
ALMACEN	4	00	A	41


CULTIVO

Subparcela	CC	Cultivo	IP	Superficie m <sup>2</sup>
0	HE	Huerta especial	00	5.985

CONSULTA DESCRIPTIVA Y GRÁFICA  
DE DATOS CATASTRALES DE BIEN INMUEBLE

INFORMACIÓN GRÁFICA

E. 1/1500



Este documento no es una certificación catastral, pero sus datos pueden ser verificados a través del 'Acceso a datos catastrales no protegidos' de la SEC.


- SC4.050 Condado de UTA L. Hueso 20 ETRES93
- Limite da Marzana
- Limite da Parcela
- Limite de Construcións
- Mobiliario y aceras
- Limite zona verde
- Hidrografía

Martes, 13 de Noviembre de 2018



DIVISIÓN DE LA PARCELA SEGÚN PLANO DE CATASTRO  
E: 1/1000

**SUPERFICIE 1: 2429 m<sup>2</sup>**  
**SUPERFICIE 2: 3923 m<sup>2</sup>**





DIVISIÓN DE LA PARCELA (según ortofoto)  
E: 1/1000

**SUPERFICIE 1: 2429 m<sup>2</sup>**  
**SUPERFICIE 2: 3923 m<sup>2</sup>**



E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as vinte e unha horas e trinta e cinco minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria

Rafael C. Sisto Edreira

Virginia Fraga Díaz